



A subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) acurta a brecha salarial entre mulleres e homes

22 de febreiro de 2022
DÍA POLA IGUALDADE SALARIAL



Gabinete de Igualdade UGT-Galicia

BRECHA SALARIAL NA UNIÓN EUROPEA SEGUNDO EUROSTAT


A brecha salario/hora en España sitúase no 11,9%

Segundo datos de Eurostat, que analiza a brecha salarial en salarios hora, ponse de manifesto que as mulleres seguen gañando unha media do 11,9% menos que os homes na Unión Europea.


As mulleres traballaron gratis en España 43 días no ano 2021, dende o 18 de novembro até o 31 de decembro.

UGT resalta a brecha salarial entre mulleres e homes, unha lacra que aínda perdura e apenas varía.

GEO (Labels)	2019
European Union - 27 countries	14,1
Euro area - 19 countries	14,9
Belgium	5,8
Bulgaria	14,1
Czechia	18,9
Denmark	14,0
Germany (19,2
Estonia	21,7
Ireland	:
Greece	:
Spain	11,9
France	16,5
Croatia	11,5
Italy	4,7
Cyprus	10,1
Latvia	21,2
Lithuania	13,3
Luxembourg	1,3
Hungary	18,2
Malta	11,6
Netherlands	14,6
Austria	19,9
Poland	8,5
Portugal	10,6
Romania	3,3
Slovenia	7,9
Slovakia	18,4
Finland	16,6
Sweden	11,8



Legend



Gender pay gap in unadjusted form [SDG_05_20]

Source of data: Eurostat - Last updated date: Tuesday, December 7, 2021 11:00 AM

Disclaimer: This map has been created automatically by ESTAT/EC software according to external user specifications for which ESTAT/EC is not responsible. Map included.

Copyright Eurostat

Antes do Día Internacional da Muller, o 8 de marzo, comezamos denunciando as desigualdades económicas que continúan persistindo entre mulleres e homes na UE.

En todos estes anos lograronse progresos, pero a desigualdade entre homes e mulleres persiste, mesmo no mercado laboral. Na UE, as mulleres aínda gañan de media menos que os homes.

Unha brecha salarial de xénero máis estreita non necesariamente significa máis igualdade de xénero. A miúdo ocorre en países con menor emprego feminino. Unha brecha salarial alta pode indicar que as mulleres están máis concentradas en sectores con salarios baixos ou que unha proporción significativa delas traballa a tempo parcial.

As razóns detrás da brecha salarial de xénero son complexas. Está relacionada con moitos máis factores máis aló da desigualdade de remuneración polo mesmo traballo.

Aínda que máis mulleres que homes terminan a educación superior na UE, están menos representadas no mercado laboral. Case o 30 % das mulleres na UE traballan a tempo parcial e é moito máis probable que deixen de traballar para coidar aos seus fillos e familiares.

A brecha salarial de xénero cambia coa idade: tende a ser menor cando as persoas comezan a traballar e amplíase despois, aínda que estes patróns varían segundo os países. A brecha salarial de xénero tamén difire en función dos sectores, sendo maior no sector privado que no sector público na maioría dos países da UE.

Unha razón importante da brecha salarial de xénero é a representación excesiva das mulleres en sectores con salarios relativamente baixos e a representación insuficiente nos sectores mellor remunerados. Por exemplo, de media na UE en 2018, había máis científicos e enxeñeiros homes que mulleres: 59% en comparación con 41%. As mulleres ocupan só o 33 % dos postos directivos na UE.

A brecha salarial de xénero significa que as mulleres corren un maior risco de pobreza na vellez. En 2018, as mulleres na UE maiores de 65 anos recibiron pensións que foron de media un 30% máis baixas que as pensións masculinas.

GANANCIA POR HORA NORMAL TRABALLADA. ESPAÑA

As mulleres galegas ocupan o 3º posto de menor retribución por hora percibida de todo o Estado, e a súa retribución é un 10,1% inferior á dos homes galegos.

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Brecha salarial
Total Nacional	15,85	14,92	16,63	10,3
Andalucía	14,59	13,79	15,23	9,5
Aragón	15,43	14,28	16,32	12,5
Asturias	16,29	14,82	17,62	15,9
Baleares	14,87	14,50	15,18	4,5
Canarias	13,24	12,98	13,45	3,5
Cantabria	15,02	14,05	15,79	11,0
Castela e León	14,49	13,66	15,21	10,2
Castela - A Mancha	14,22	14,03	14,36	2,3
Cataluña	16,86	15,63	17,99	13,1
Comunidade Valenciana	14,54	13,60	15,29	11,1
Estremadura	13,15	12,89	13,37	3,6
Galicia	14,19	13,40	14,91	10,1
Madrid	17,74	16,54	18,77	11,9
Murcia	14,22	13,58	14,67	7,4
Navarra	18,28	16,93	19,26	12,1
País Vasco	19,52	18,46	20,40	9,5
Rioxa, A	14,96	14,10	15,72	10,3

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2019. INE.

Para poder analizar a ganancia por hora normal traballada en España, é necesario recorrer á Enquisa Anual de Estrutura Salarial do INE, a do ano 2019, publicada o 22 de xuño de 2021. Como xa se indicou, dado que as mulleres teñen maior temporalidade na contratación e maior peso da contratación a tempo parcial, isto pode ser utilizado como escusa para xustificar unha ganancia media anual inferior, que coa ganancia por hora normal de traballo xa non se podería xustificar.

As mulleres galegas perciben un 10,2% menos de salario por hora normal traballada que a media de mulleres do conxunto do Estado, e un 10,1% menos que os homes galegos.

Polo que se refire ás diferenzas por sexo e tal e como ocorre no conxunto de Galicia, os salarios medios por hora nos sete grandes concellos galegos son superiores no caso dos homes aos que perciben as mulleres.

Salarios por hora das persoas empregadas por conta allea segundo o sexo.

Sete grandes concellos. Euros/hora Media 2019


	Total	Homes	Mulleres	Brecha salarial
Concello da Coruña	10,2	11,1	9,4	15,3
Concello de Ferrol	8,6	9,1	8,1	11,0
Concello de Santiago	10,1	10,7	9,5	11,2
Concello de Lugo	8,1	8,2	8,0	2,4
Concello de Ourense	8,4	8,8	8,1	8,0
Concello de Pontevedra	9,0	9,4	8,6	8,5
Concello de Vigo	9,6	10,5	8,7	17,1

Fonte: Estudio sobre salarios. Salarios nos sete grandes concellos galegos. Instituto Galego de Estatística

BRECHA SALARIAL EN GALICIA

No ano 2019, as mulleres galegas percibiron un salario medio anual inferior nun 19,3% ao dos homes.

EVOLUCIÓN BRECHA SALARIAL GALICIA



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2018. INE.

A brecha salarial en Galicia sitúase no 19,3% de media anual. A brecha así calculada, ten en conta as retribucións medias anuais de mulleres e homes, o número de horas traballadas e a duración do contrato.

SALARIO MEDIO ANUAL GALICIA

A diferenza retributiva anual entre homes en mulleres en Galicia no ano 2019 foi de --4.724,57

€. As mulleres galegas perciben un salario medio similar (o dato máis próximo) ao que percibían os homes galegos no ano 2007/2008. Máis dunha década, doce anos, que recuperar para acadar a igualdade salarial.

	Mulleres	Homes	Dif M/H	%M/H
2004	12.713,83	17.260,69	-4.546,86	26,3
2005	13.342,46	17.974,15	-4.631,69	25,8
2006	14.243,82	19.021,50	-4.777,68	25,1
2007	15.007,78	19.511,30	-4.503,52	23,1
2008	16.646,42	21.105,60	-4.459,18	21,1
2009	17.342,32	21.829,80	-4.487,48	20,6
2010	17.691,11	22.626,21	- 4.935,1	21,8
2011	17.291,96	22.381,85	- 5.089,89	22,7
2012	16.727,15	22.059,69	- 5.332,54	24,2
2013	17.258,21	22.522,55	- 5.264,34	23,4
2014	17.797,03	22.505,05	- 4.708,02	20,9
2015	18.093,26	23.189,76	- 5.026,5	22,0
2016	18.294,47	23.774,21	- 5.479,74	23,0
2017	18.833,53	24.321,64	-5.488,11	22,6
2018	19.543,17	24.826,91	-5.283,74	21,3
2019	19.818,26	24.542,83	-4.724,57	-19,3

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010 - 2019. INE.

A diferenza salarial anual entre homes e mulleres no ano 2019, sitúase nos 4.724,57 euros. No último ano, os salarios dos homes (pero se produce no sector servizos, nos restantes industria e construción, os salarios dos homes medraron) caeron de media en -284,08 euros, mentres que os das mulleres medran e en 275,09 euros .

O salario medio das mulleres galegas sitúase no 2019 en niveis similares aos que tiñan os homes no ano 2007/2008, máis de once anos de desigualdade, o que pon de manifesto as grandes diferenzas existentes, así como a lenta revalorización do salario feminino.

Se contabilizamos a brecha salarial en euros, constátase como as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.463 millóns de euros no ano 2019.

	Retribución media anual mulleres	Retribución media anual homes	Brecha en euros	Mulleres ocupadas	Total brecha en millóns de euros
2014	17.797,03	22.505,05	-4.708,02	473.700	2.230,2
2015	18.093,26	23.189,76	-5.096,50	479.000	2.441,2
2016	18.294,47	23.774,21	-5.479,74	491.700	2.694,4
2017	18.833,53	24.321,64	-5.488,11	501.400	2.751,74
2018	19.543,17	24.826,91	-5.283,74	515.000	2.721,13
2019	19.818,26	24.542,83	-4.724,57	521.200	2.462,45

Fonte: Elaboración propia a partir de Enquisa anual de estrutura salarial 2014-2019 e EPA

A brecha salarial traducida en euros, supón que as mulleres galegas deixaron de percibir 2.463 millóns de euros no ano 2019, e isto deixando á marxe o que supoñería o traballo non retribuído das mulleres que se desempeña dentro do ámbito familiar cuidando menores, persoas dependentes e realizando as tarefas do fogar, no que non entrarían só as mulleres ocupadas.

SALARIO MEDIO ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

As mulleres galegas temos unha brecha salarial similar á do conxunto do Estado, e percibimos un 8,6% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado (somos a sétima CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo).

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Brecha salarial
Total Nacional	24.395,98	21.682,02	26.934,38	-19,5
Andalucía	22.060,99	19.391,52	24.527,67	-20,9
Aragón	23.565,09	20.360,25	26.404,73	-22,9
Asturias, Principado de	24.865,89	21.298,58	28.481,75	-25,2
Baleares	23.325,33	21.631,07	24.914,51	-13,2
Canarias	20.861,14	19.540,82	22.082,69	-11,5
Cantabria	23.347,52	20.600,16	25.795,43	-20,1
Castela e León	22.061,44	19.414,11	24.665,79	-21,3
Castela - A Mancha	21.908,92	19.939,58	23.494,17	-15,1
Cataluña	25.968,20	22.988,22	28.965,38	-20,6
Comunidade Valenciana	22.045,66	19.314,58	24.499,53	-21,2
Estremadura	19.940,68	18.012,58	21.823,73	-17,5
Galicia	22.177,40	19.818,26	24.542,83	-19,3
Madrid	27.817,76	24.873,79	30.530,89	-18,5
Murcia	22.123,99	19.431,25	24.289,41	-20,0
Navarra	27.493,93	23.728,82	30.564,90	-22,4
País Vasco	29.476,21	26.197,62	32.529,17	-19,5
Rioxa, A	22.877,13	20.377,23	25.342,99	-19,6

Fonte: Enquisa Anual de estrutura salarial Ano 2019. INE.

Os ingresos medios das mulleres galegas (19.818,26,17 euros) foron 1.863,76 euros inferiores á media dos salarios medios das mulleres do conxunto de comunidades autónomas (-8,6%). As mulleres galegas perciben un 24,4% menos de salario que as mulleres vascas (consideradas estas por ter o maior salario).

A estrutura de emprego e ocupación non é homoxénea en todas as CCAA, o que explica a variación da fenda salarial dunhas comunidades e outras, pero en todas os salarios das mulleres son moito máis baixos que os dos homes.

COMPLEMENTOS SALARIAIS

Nos pagos extraordinarios a brecha elévase ao 27,9%.

	Mulleres	homes	Diferenza	Brecha
Salario bruto	19.543,17	24.826,91	-5.283,74	-21,3
Pagos extraordinarios	1.813,48	2.515,14	-701,66	-27,9
Valoración en especie	35,27	68,21	-32,94	-48,3
Salario ordinario	17.694,42	22.243,56	-4.549,14	-20,5

Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial Ano 2018. INE.

Un factor que explica por si mesmo a brecha salarial é a existencia ou non de complementos salariais e o seu peso sobre o total de salario bruto. O peso que teñen os complementos salariais no caso do salario bruto anual dos homes é moi superior, (701,66 euros máis) ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,9%; actuando sobre estes poderíase reducir en boa medida a desigualdade nos salarios entre homes e mulleres, e máis tendo en conta que moitas veces estes complementos non se basean en cuestións obxectivas nin cuantificables, polo que esconden tras de si discriminacións directas.

TIPO DE CONTRATACIÓN

A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior.

Galicia . Ganancia media anual por persoa traballadora, sexo e tipo de contrato

	MULLERES	HOMES	DIF.M/H	BRECHA SALARIAL
Indefinido	21.106,27	26.511,85	-5.405,58	-20,4
Temporal	15.934,69	18.104,20	-2.169,51	-12,0

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2019 . INE.

A maior temporalidade diminúe a brecha salarial, sendo nos contratos de duración indefinida nos que se amosa un maior diferencial entre homes e mulleres. No ano 2019 en Galicia houbo 333.100 homes con contratos indefinidos (cuxo salario é superior nun 20,4% ao feminino) fronte a 312.800 mulleres; houbo 111.800 homes con contrato de duración determinada fronte a 120.700 mulleres (cunha brecha dun 12%).

Os salarios dos contratos temporais son moi inferiores aos de duración indefinida, onde as mulleres son maioría. Pola contra, na contratación indefinida, onde son máis homes que mulleres, ademais de ter ganancias moi superiores, a diferenza salarial media elévase a 5.405,58€ (2.169,51 euros nos temporais).

A brecha salarial nos contratos a tempo completo é do 11,4%, mentres que nos contratos a tempo parcial sitúase no 16,5%, polo que independentemente da variable que analicemos, as mulleres sempre perciben salarios inferiores ás dos homes.

De feito de todo o emprego a tempo parcial a gran maioría son mulleres

	Mulleres	Homes	Diferenza	% 2018
Xornada a tempo completo	23.772,12	26.818,79	-3.046,67	-11,4
Xornada a tempo parcial	9.513,15	11.397,24	-1.884,09	-16,5

Fonte: Enquisa Cuadrienal Estrutura Salarial (2018).

SECTOR PÚBLICO/PRIVADO

A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 6,6% fronte ao 30,4% nas empresas de control privado

	Mulleres	Homes	Diferenza	% 2018
Control da empresa público	29.698,98	31.810,55	-2.111,57	-6,6
Control da empresa privado	16.583,23	23.842,84	-7.259,61	-30,4

Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2018. INE.

Tendo en conta a Enquisa cuadrienal de Estrutura Salarial 2018 do INE a brecha salarial en empresas de control público é do 6,6% fronte ao 30,4% nas empresas de control privado. Hai

que ter en conta os continuados recortes salariais aplicados polo goberno ao persoal ao servizo das administracións públicas, que contan cun total de 155.331 persoas, 59,4% son mulleres (92.234). (Fonte: Boletín de personal al servicio de las admores. públicas de xullo de 2021 último dispoñible do Registro Central de personal).

TRAMOS DE IDADE

En todos os tramos de idade as mulleres perciben salarios inferiores aos dos homes, e a maior idade maior brecha salarial.

	Mulleres	Homes	Brecha M/H 2019
Todas as idades	19.818,26	24.542,83	-19,3
Menos de 25 anos	-10.398,08	-12.146,80	
De 25 a 34 anos	15.623,12	19.576,14	-20,2
De 35 a 44 anos	19.897,57	23.887,95	-16,7
De 45 a 54 anos	21.680,73	27.431,71	-21,0
55 e máis anos	21.712,90	27.469,84	-21,0

*Nota: Cando aparece un signo '-' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela.

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial 2019. INE.

As mulleres sofren a brecha salarial en calquera tramo de idade. Mentres que as mulleres entre 25 e 34 anos sofren unha brecha salarial do 20,2%, as de máis de 35 anos a 44 anos sofren unha brecha do 16,7%. Nos seguintes tramos de idade, de 45 en diante a brecha incrementa substancialmente, o 21%. Mostra da falta de igualdade no mercado laboral a calquera idade.

SALARIOS SEGUNDO ESTUDOS

A igual formación, as mulleres perciben sempre salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 19.519,97 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, necesitan ter unha Diplomatura universitaria ou similar.

	Mulleres	Homes	Diferenza	Brecha
Todos os estudos	19.543,17	24.826,91	-5.283,74	21,3
I. Menos que primaria
II. Educación primaria	12.435,88	19.519,97	-7.084,09	36,3
III. Primeira etapa de educación secundaria	14.104,15	19.491,86	-5.387,71	27,6
IV. Segunda etapa de educación secundaria	18.421,74	24.890,10	-6.468,36	26,0
V. Ensinanzas de formación profesional de grado superior e similares	-19.270,86	21.1726,86		
VI. Diplomados universitarios e similares	25.648,47	31.099,53	-5.451,06	17,5
VII. Licenciados e similares, e doutores universitarios	31.281,12	43.824,36	-12.543,24	28,6

Nota: Cando aparece un signo '-' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial 2018.

A igual nivel de estudos as mulleres perciben menos salario que os homes con independencia da categoría analizada. A brecha salarial supera o 25% en todos os niveis analizados excepto no caso de ter unha Diplomatura universitaria e similar (17,5%), aínda que neste caso a diferenza elévase aos -5.451,06 euros. A brecha dispárase aínda máis no caso dos estudos primarios, alcanzando unha diferenza do 36,3%.

A táboa reflicte que un home con estudos primarios percibe unha retribución media de 19.519,97 euros, mentres que unha muller, para alcanzar dita retribución salarial necesita ter unha Diplomatura universitaria ou similar.

RAMAS DE ACTIVIDADE

En todas as ramas de actividade económica os salarios das mulleres son inferiores aos dos homes. Na de Outros servizos persoais e de ocio cun 31,4%, na de Servizos ás empresas, co 27,1%, na de Comercio, reparación e transporte co 26,4% e na de Entidades Financeiras e Aseguradoras cun 26.2% e Servizos ás empresas, co 27,1% preséntanse as brechas máis elevadas.

Salario medio anual por ramas de actividade económica e sexo Galicia 2020

	Salario Homes	Salario Mulleres	Brecha 2020	% mulleres asalariadas	Mulleres Asalariadas 2020
Total	21.887	17.720	-19,0	47,7	488.113
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	16.387	12.708	-22,5	20,9	5.309
Industria extractiva, enerxía e auga	30.529	23.614	-22,7	18,7	1.997
Industria	23.662	17.865	-24,5	30,9	40.868
Construción e actividades Inmobiliarias	19.177	17.200	-10,3	15,6	12.226
Comercio, reparacións e transporte	20.658	15.195	-26,4	44,5	101.395
Información e comunicacións	28.148	21.521	-23,5	35,9	7.919
Entidades financeiras e aseguradoras	39.970	29.478	-26,2	52,9	10.400
Servizos ás empresas	18.286	13.339	-27,1	54,4	72.748
Servizos sociais	29.367	24.279	-17,3	64,7	170.736
Outros servizos persoais e de ocio	10.414	7.142	-31,4	58,5	64.514

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2020

A maior diferenza retributiva deuse na rama de “Outros servizos persoais e de ocio” (moi afectada polos ERTES), co 31.4% de brecha salarial,

Na de “Comercio, reparacións e transporte” onde están ocupadas máis da quinta parte das mulleres, soportan unha brecha salarial do 26,4%. Tamén na “Industria” onde hai 40.868 mulleres asalariadas e teñen un peso sobre o total de persoas asalariadas no sector do 31% teñen unha brecha salarial do 24.5%

As menores diferenzas danse na “Construción e actividades inmobiliarias” e “Servizos sociais”, cun 10,3% e un 17,3% de brecha salarial, respectivamente. Na construción o número de mulleres en relación ao total de persoas asalariadas é escaso, o 15,6% do total, e dado que as

súas labores soen ser de tipo técnico, comercial, de xestión, etc. están mellor retribuídas. Nos “Servizos sociais” hai un gran peso do emprego público e polo tanto menor segregación e discriminación por sexo. As mulleres nos “Servizos sociais” representan o 64,7% do total de persoas asalariadas no sector.

SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL

O 46,8% das mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 32,5% dos homes, pero a situación invértese nos salarios máis altos.

Galicia 2020 Persoas asalariadas por tramos de salarios (SMI)

	Homes	Mulleres	% M
Total	535.629	488.113	47,7
≤ a 1 SMI	173.959	228.210	56,7
Máis de 5 SMI	13.726	6.506	32,2

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2020

SMI 2020: 13.300 euros

No ano 2020 segundo a AEAT, un 46,8% de mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao Salario Mínimo Interprofesional (13.300 euros/ano) fronte ao 32,5% dos homes asalariados. Se pola contra facemos unha análise dos salarios máis elevados, 13.726 homes tiveron salarios cinco veces superiores ao SMI, fronte a 6.506 mulleres.

Fonte: Para a AEAT enténdese por persoa asalariada, o colectivo formado polas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregadas por conta allea en xeral). A referencia anual para a definición da poboación asalariada e a existencia de situacións de pluriemprego, de traballo a tempo parcial e de relacións laborais de duración inferior ao ano posibilita que unha persoa asalariadas obteña, ao logo do ano, percepcións salariais de dúas ou máis empresas ou entidades.

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

As beneficiarias de prestación por desempleo perciben unha contía inferior á dos homes nun 6,6%.

No ano 2020 os ERTES axudaron claramente ás mulleres a manter a igualdade, non así naquelas mulleres que non puideron recorrer a ERTes onde a brecha medrou até o 12,5%

	Desempregadas/os con prestación		Prestación media anual		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza
2020 TOTAL	209.269	206.637	3.420	3.193	6,6
SIN ERTE	107.802	111.485	3.884	3.398	12,5
ERTE	101.467	95.152	2.927	2.954	-0,9

Fonte: AEAT “Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias” Ano 2020

Desde sempre as mulleres teñen menos acceso ás prestacións por desempleo debido ás escasas cotizacións, tanto en termos temporais como monetarios, derivada das súas condicións de contratación e salario, polo que moitas son as situacións nas que non se acadan os mínimos requiridos para ser beneficiarias deste tipo de prestación o que deriva en que a súa situación de risco de exclusión e vulnerabilidade sexa superior á dos homes.

En Galicia, mentres que un home perciben unha prestación media anual de 3.420 euros, a das mulleres sitúase en 3.193 euros (un 6,6% inferior).

E nesta análise non podemos esquecer ás 24.185 (dato decembro 2021) traballadoras do Réxime Especial de persoas empregadas do fogar da Seguridade Social (tan só hai 554 homes neste réxime) que non teñen dereito a desempleo.

PENSIÓN

Mentres que no ano 2002 a diferenza entre a pensión de xubilación dun homes e dunha muller en Galicia era de 188,48 euros, no ano 2021 elévase a 418,89 euros.

	Número		Importe medio (euros)			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza	Brecha
2002	237.695	193.147	567,03	378,55	- 188,48	33,24
2006	242.410	191.575	707,81	454,03	- 253,78	35,85
2010	253.923	192.403	875,55	546,71	- 328,84	37,56
2014	268.348	197.041	997,18	617,99	- 379,19	38,03
2016	271.375	198.862	1.041,41	646,76	- 394,65	37,90
2017	273.062	200.584	1.061,64	664,00	- 397,64	37,46
2018	273.549	201.255	1.080,80	679,20	-401,60	37,16
2019	275.136	203.459	1.128,88	718,65	-410,88	36,40
2020	274.942	204.630	1.154,60	740,37	-414,23	35,88
2021	274.727	206.243	1.183,68	764,79	-418,89	-35,4

Fonte: Media anual. Seguridade Social.

Entre os anos 2002 e 2021 incrementábase o número de homes que perciben unha pensión de xubilación en Galicia en 37.032, fronte a 13.096 mulleres.

En canto ás diferenzas no importe medio destas pensións, lonxe de diminuír, foise incrementando co paso dos anos, xa que ben no ano 2002 a diferenza entre a pensión media dun home e dunha muller era de 188,48 euros, no ano 2021 situase nos 418,89 euros.

A brecha salarial nas pensións de xubilación elévase para as mulleres galegas ata o 35,4%.

Pensións contributivas da Seguridade Social por clases e importe medio. Galicia 2021

	Número		Importe medio (euros)			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza	Brecha
Total	354.020	412.724	1.082,85	707,18	-375,67	-34,7
Incapacidade permanente	45.755	24.387	953,75	804,32	-149,43	-15,7
Xubilación	274.727	206.243	1.183,68	764,79	-418,89	-35,4
Viuvez	18.529	166.952	437,19	645,23	208,04	
Orfandade	12.527	10.919	409,99	412,11	2,12	
Favor familiares	2.481	4.222	518,67	544,95	26,28	

Fonte: Media anual. Seguridade Social.

Da análise das pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia no ano 2021 compróbase un importe medio mensual de 707,18 euros para as mulleres, moi inferior aos 1.082,85 euros que perciben os homes.

Se temos en conta só a pensión de xubilación, o diferencial é aínda máis elevado, xa que o importe medio que perciben as mulleres se sitúa nos 764,79 euros, fronte aos 1.183,68 euros dos homes.

Hai tres casos no que existen unha diferenza salarial a favor das mulleres, un deles atopámolo no caso das pensión de viuvez (sendo o importe medio para as mesmas de 645,23 euros, e tendo en conta que esta pensión en moitos casos é a única fonte de ingresos das mulleres, non así nos homes) o que pon de manifesto unha vez máis, os salarios máis elevados que perciben os homes.

CONCLUSIÓNS

- Segundo Eurostat, a brecha salario/hora en España sitúase no 11,9% polo que as traballadoras do noso país traballan gratis desde o 18 de novembro ata final de ano, sendo a brecha media na Unión Europea do 14,1%.
- Se analizamos o salario hora en España segundo datos do INE, as mulleres galegas, en termos de retribución por hora que perciben é un 10,1% inferior á dos homes galegos.
- A brecha salarial (que se calcula en función das retribucións medias anuais de mulleres e homes, e ten en conta tanto o número de horas traballadas como a duración do contrato) no ano 2019, foi para as mulleres galegas do 19,3%.
- A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia no ano 2019 foi de 4.724,57€. As mulleres galegas perciben un salario medio similar (o dato máis próximo) ao que percibían os homes galegos no ano 2007/2008.
- Se contabilizamos a brecha salarial en euros, constátase como as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.463 millóns de euros no ano 2018.
- As mulleres galegas temos unha brecha salarial similar á do total nacional pero percibimos un 8,6% menos de salario anual que a media das mulleres do conxunto do Estado (somos a sétima CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo).
- O peso que teñen os complementos salariais no caso do salario bruto anual dos homes é moi superior (701,66 euros máis) ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,9%, e explica en parte o diferencial existente.
- A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior.
- A brecha salarial nos contratos a tempo completo é do 11,4%, mentres que nos contratos a tempo parcial sitúase no 16,5%, polo que independentemente da variable que analicemos, as mulleres sempre perciben salarios inferiores ás dos homes.
- A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 6,6% fronte ao 30,4% nas empresas de control privado.
- En todos os tramos de idade as mulleres perciben salarios inferiores aos dos homes, e a maior idade maior brecha salarial.
- A igual formación, as mulleres perciben sempre salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 19.519,97 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, necesitan ter unha Diplomatura universitaria ou similar.

- O 46,8% das mulleres asalariadas teñen ingresos salariais menores ou iguais ao SMI fronte ao 32,5% dos homes, pero a situación invértese nos salarios máis altos. Das persoas asalariadas que perciben cantidades iguais o menores ao SMI o 56,7% son mulleres (228.210 fronte a 173.959 homes).
- As beneficiarias de prestación por desemprego perciben é inferior á dos homes nun 6.6%. Non se pode esquecer ás 24.185 (dato decembro 2021) traballadoras do Réxime Especial de persoas empregadas do fogar da Seguridade Social (tan só hai 554homes neste réxime) que non teñen dereito a desemprego.
- A brecha salarial nas pensións de xubilación elévase para as mulleres galegas ata o 35,4% xa que o importe medio que perciben sitúase nos 764,79, euros, fronte aos 1.183,68 euros que perciben os homes.



Gabinete de Igualdade UGT-Galicia